



Entidade Local Menor de Bembridge

ANUNCIO DA ALCALDÍA SOBRE CORONAVIRUS

Con motivo da pandemia do Coronavirus, dende a Entidade Local de Bembridge faise un chamamento á veciñanza para que se actúe con sentido de responsabilidade, **cumprindo coas recomendacións e cautelas establecidas polas autoridades sanitarias.**

Na parte dereita deste anuncio transcríbese un documento da Consellería de Sanidade que recolle as indicacións sobre como debemos actuar.

Así mesmo, e como medida de contención, esta Alcaldía Pedanía decide **cancelar ata novo aviso todos os actos públicos, reunións, e demais actividades que poidan ser susceptibles de contar con grupos de persoas numerosos.**

Ademáis, a partir de hoxe e ata novo aviso pecharase ao público a sede desta Entidade, incluído a Sala de Informática.

A atención ao público nestas dependencias limitarase exclusivamente a casos de extrema urxencia e imperiosa necesidade, polo que se insta á

poboación que os trámites que se teñan que realizar sexan por vía telemática, mediante correo-e elmbembridge@gmail.com, na sede electrónica: <https://bembridge.sedelectronica.gal/info.0> ou ben telefónica, no teléfono 986 423 148.

Con todo, apelamos á tranquilidade da cidadanía, pois trátase de medidas preventivas e necesarias.

Bembridge, 13 de marzo de 2020

A Primeira Tenente de Alcaldía

Asdo.: Patricia Otero Carrera

Que debes saber do novo Coronavirus?

Os Coronavirus son virus que circulan entre os animais mais algún deles tamén poden afectar aos humanos

O novo Coronavirus identificouse en China a finais de 2019 e é una nova cepa que non se vira antes nos seres humanos

Os **síntoma**s máis comúns da enfermidade polo Coronavirus (COVID-19) son:

- FEBRE
- TOSE
- SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE

TELÉFONO DE INFORMACIÓN PARA CIDADÁNS

900 400 116

Medidas para protexernos do coronavirus

- Lavar as mans frecuentemente
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca
- Ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.
- Con síntomas respiratorios evitar o contacto próximo con outras persoas

AO CHEGAR OU EN CONTACTO CUNHA PERSOA QUE VEÑA DUNHA VIAXE A UN ÁREA DE RISCO

SÍNTOMAS

Non acudir directamente ao hospital ou Centro de Saúde senón **CONTACTAR TELEFONICAMENTE CO 061**

Logos: Galicia, Servizo Galego de Saúde, Xunta de Galicia